

II. Aspectos normativos e actuacións da Administración

O marco competencial e normativo en que se encadran as disposicións en materia da prevención e a loita contra os incendios forestais ampárase no artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece as competencias que, de maneira exclusiva, corresponden á C.A. de Galicia, entre as que están as de Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación básica de montes e aproveitamentos forestais.

En virtude do Real Decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, transfírense á Xunta de Galicia determinadas funcións e competencias en materia de conservación da natureza, encomendadas ata entón ao ICONA, e dentro das mesmas se inclúe a defensa contra incendios forestais. Establecíase, igualmente, a regulación pro convenio entre o ICONA e a Xunta da coordinación en defensa contra os lumes. Asemade, o devandito Real Decreto establece a obrigaón do ICONA de facilitar á Xunta toda a colaboración necesaria nas materias traspasadas e en concreto en técnicas de prevención e loita contra lumes forestais.

O Real Decreto 1706/1982, de 24 de xullo, consolidou as transferencias efectuadas á Xunta na fase preautonómica, entre elas a defensa contra incendios forestais transferidas polo Decreto anterior.

A *Ley do Estado 43/2003, do 21 de novembro, de montes*, e a *Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia*, así como os Decretos polos que se aproban os regulamentos de montes (Decreto 485/1963, do 22 de febreiro) e sobre incendios forestais (Decreto 3769/1972, do

23 de decembro), facultan á Administración para desenvolver unha serie de medidas preventivas que regulen os aproveitamentos do monte e que consigan a axeitada restauración das superficies queimadas.

Entre estas accións preventivas están a do control dos aproveitamentos da madeira afectada polo lume e a da regulación do pastoreo no terreo forestal, para que estas actividades non impidan a rexeneración da superficie queimada e da cuberta vexetal. Outras normas sectoriais, como a *Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia*, ou a *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia*, limitan o desenvolvemento de determinadas actividades en áreas afectadas por incendios forestais.

Co obxectivo de compatibilizar e regular os aproveitamentos do monte, coa finalidade de prever os incendios forestais e as súas consecuencias, aprobouse o *Decreto 21/2005, do 20 de xaneiro, de prevención de incendios e regulación de aproveitamentos forestais*.

O obxecto central deste capítulo constitúeo o estudio do Plan de defensa contra incendios forestais de Galicia, con especial referencia ao Plan INFOGA 2004, que organiza o conxunto de medios e recursos conforme a uns obxectivos e unhas accións tendentes a acadalos, unhas relacións xerárquicas e un procedemento operativo. O Plan o elabora anualmente a DX de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, desenvolvendo o Nivel 0 da Directriz Básica de Planificación de Protección Civil de Emerxencia por Incendios Forestais.

Asemade, cómpre salientar a creación do Consello Forestal de Galicia como órgano consultivo e asesor da Administración forestal (*Decreto 306/2004, do 2 de decembro*). O seu obxecto é facilitar unha axeitada xestión sustentable dos montes galegos e fomentar o desenvolvemento económico, social e ambiental do sector forestal.

O capítulo estrutúrase en tres apartados nos que se analiza, en primeiro lugar, o que a Lei estatal de Montes, *Lei 43/2003, do 21 de novembro*, regula en referencia aos incendios forestais (capítulo III do Título IV. Conservación e protección dos montes). Posteriormente, faise referencia ao devandito *Decreto 21/2005, de 20 de xaneiro, de prevención de incendios e regulación de aproveitamentos forestais* e finalmente, analízanse os diferentes obxectivos, medios e actuacións nos que se articula o Plan de defensa contra incendios forestais de Galicia.

Ley 43/2003, de 21 de novembro, de Montes

O obxecto desta Lei é a de garantir a conservación e protección dos montes, promovendo a súa restauración, mellora e racional aproveitamento, apoiándose na solidariedade colectiva.

No que atinxe aos incendios forestais, definidos como os lumes que se estenden sen control sobre combustibles forestais situados no monte, a Lei indica que **a organización da defensa**

contra os incendios corresponde ás Administracións públicas. Estas organizarán coordinadamente os programas de prevención, detección e extinción de incendios forestais, con independencia da titularidade dos montes.

Nas accións de prevención, as Administracións públicas desenvolverán programas de concienciación e sensibilización, fomentando a participación social e favorecendo a corresponsabilidade da poboación na protección dos montes. As Forzas e Corps de Seguridade do Estado, así como as distintas administracións intervirán na prevención de incendios mediante vixilancia disuasoria e investigación específica das causas, en particular, sobre as motivacións que poidan ocasionar intencionalidade na súa orixe, e na mobilización de persoal e medios para a extinción.

Para estas accións, as Administracións poderán regular a constitución de grupos de voluntarios e coidarán da súa formación específica. Asemade, fomentarán as agrupacións de propietarios de montes e demais persoas ou entidades interesadas na conservación dos montes e a súa defensa contra os incendios.

A Lei establece que **corresponde á Administración Xeral do Estado, en coordinación coas CC.AA.**, a homologación da formación, preparación e equipamento do persoal e a normalización dos medios materiais que se empreguen na extinción de lumes.

En función da frecuencia dos incendios e a importancia dos valores ameazados, as CC.AA. poderán declarar zonas de alto risco de incendios ou zonas preferentes. Para cada unha destas zonas haberá que formular un plan de defensa, que terá que considerar, como mínimo, os seus problemas socioeconómicos, a determinación das épocas do ano de maior risco, os traballos de carácter preventivo que resulte necesario realizar e a modalidade de execución dos mesmos, o establecemento e dispoñibilidade dos medios de vixilancia e extinción necesarios coas previsións para o seu financiamento e a regulación dos usos que poidan dar lugar a risco de incendios forestais.

A cobertura das indemnizacións por accidente exclusivamente para as persoas que colaboren na extinción de incendios estará garantida pola Administración Xeral do Estado, a través do Consorcio de Compensación de Seguros.

No concernente á **restauración dos terreos forestais incendiados**, a Lei establece que **serán as CC.AA. as que deberán garantir as condicións para a restauración da súa vexetación**, quedando prohibido o cambio do uso forestal por razón do incendio. Asemade, determinarán os prazos e procedementos para facer efectiva esta prohibición.

As CC.AA. fixarán as medidas para a retirada da madeira queimada e a restauración da cuberta vexetal afectada, así como o acoutamento temporal daqueles aproveitamentos ou actividades incompatibles coa súa rexeneración, por un prazo mínimo dun ano, salvo levantamento do acoutado por autorización expresa.

O Consello de Ministros, na súa reunión de 10 de xuño de 2005, deu o visto bo ao Anteproxecto de Lei que modifica a Lei de Montes, remitíndoo ao Consejo del Poder Judicial e ao Consejo Fiscal.

Dende un punto de vista xeral, o anteproxecto de Lei recolle a creación dunha Fiscalía para delitos ambientais, a creación dun Fondo para o patrimonio natural, cuxa materialización garantirá a estabilidade e continuidade dos recursos económicos en apoio dos espazos forestais así como o establecemento do compromiso das administracións públicas de promover o consumo responsable de produtos forestais nos procedementos de contratación pública, favorecéndose a adquisición de madeira e produtos derivados procedentes de bosques certificados. Así mesmo, recoñécese a condición de autoridade pública dos funcionarios que desempeñen funcións de policía administrativa forestal.

Centrándose no caso concreto dos lumes forestais, un “aspecto capital” das modificacións consideradas neste anteproxecto é o relativo “ao tratamento xurídico da loita contra os incendios dende o punto de vista da regulación do réxime substantivo da protección fronte a este tipo de sinistros”. O Anteproxecto contempla a prohibición de cambiar o uso do solo durante trinta anos despois de producirse un incendio forestal, así como a realización de toda actividade incompatible con la rexeneración da cuberta vexetal.

Con todo, na redacción proposta do artigo 50 apartado 1 establece que, “con carácter singular, as comunidades autónomas poderán acordar excepcións a estas prohibicións sempre que, con anterioridade ao incendio, o cambio de uso estivera previsto en:

1º.- Un instrumento de planeamento previamente aprobado

2º.- Un instrumento de planeamento pendente de aprobación, se xa fóra obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta esixible, se xa fóra sometido ao trámite de información pública”.

Decreto 21/2005, do 20 de xaneiro, de prevención de incendios e regulación de aproveitamentos forestais

A concentración e reiteración dos incendios forestais en determinadas zonas de Galicia e en certos períodos de tempo, así como o predominio da intencionalidade e negligencia como principais causantes dos lumes en Galicia fai conveniente adoptar unha serie de medidas que eviten ou reduzan os danos e perdas producidas.

O **obxecto** deste Decreto é, capítulo I, o de “compatibilizar e regular os aproveitamentos do monte, coa finalidade de previr os incendios forestais e as súas consecuencias”.

No que atinxe á **prevención de incendios forestais**, capítulo II, os aproveitamentos de madeira queimada que se realicen en terreos afectados por un incendio, agás no caso de aprovei-

tamentos para uso doméstico (ata un máximo de 10 m³ anuais), requirirá unha autorización previa. A solicitude da devandita autorización irá acompañada dos datos do comprador e do prezo de venda.

Se por razóns de sanidade vexetal, política forestal ou de seguridade a Administración considera que a madeira ten de ser retirada, o propietario ten dous meses para proceder á extracción da mesma.

O decreto establece unha serie de limitacións ás actividades en terreos queimados, como son as limitacións ao pastoreo ou á actividade cinexética, onde, con carácter xeral prohibense estas actividades nun prazo de tres anos, dende a data do lume. Prohibese tamén a realización de actividades cuxa viabilidade estea relacionada directamente coa desaparición do arborado, salvo autorización expresa.

As autorizacións para a construción de instalacións en solo rústico queimado requirirán, durante un prazo de tres anos, do informe favorable da Consellería. Exceptúanse as instalacións previstas nos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal así como aqueles proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental.

Establécense, como medidas preventivas contra incendios forestais, limitacións tanto á utilización de explosivos como ao uso de medios de sinalización que empreguen elementos con chama. Nestes casos, deberán establecerse medidas e persoal con dotación de material para a extinción dos incendios que eventualmente puidesen producirse.

Finalmente, no que ao capítulo de prevención de incendios se refire, determina a posibilidade de declarar zonas de especial risco de incendios, así como a prohibición, con carácter xeral, da utilización do lume para eliminar restos de aproveitamentos forestais e de tratamentos silvícolas. Nestas zonas poderanse declarar perímetros de preferente ordenación para o pastoreo, de tal xeito que esta actividade unicamente se poderá realizar no interior de cercados axeitados ao gando.

A Consellería de Medio Ambiente poderá elaborar un Plano de defensa aplicable a cada unha destas zonas. Onde se determinarán as medidas e traballos preventivos aplicables a elas; os usos, costumes e actividades que poidan existir nas zona e que se manifesten a través das principais causas do lume (provocación ou negligencia); o establecemento e dispoñibilidade de medios de vixilancia e extinción necesarios, coas previsións para o seu financiamento; e a regulación dos aproveitamentos e usos que poidan dar lugar a riscos de lumes forestais.

Asemade, o devandito Decreto regula o **aproveitamento para fins agrícolas e gandeiros** nestes terreos forestais queimado e establece unha serie de **infraccións administrativas** e as súas **sancións**.

Entre estas infraccións administrativas están:

- O cambio de uso forestal sen autorización;
- O emprego de lume nos montes e áreas estremeiras nas condicións, épocas, lugares ou para actividades non autorizadas;
- O incumprimento das disposicións que regulen o uso do lume dictadas en materia de prevención e extinción de incendios;
- A modificación substancial da cuberta vexetal do monte sen autorización;
- O incumprimento das disposicións encamiñadas á restauración e reparación dos danos ocasionados;
- A obstrución das actuacións de investigación, inspección e reparación de danos ocasionados aos montes.

As sancións, que se poden clasificar como moi graves, graves ou leves, en función do tempo de reparación ou restauración do dano (superior a dez anos, entre seis meses e 10 anos, ou inferior a seis meses, respectivamente), varían entre 100 euros e un millón de euros.

Plan de defensa contra incendios forestais de Galicia. Plan INFOGA

O **obxecto** deste Plan, que ten por ámbito de actuación a totalidade do territorio de Galicia, é o establecemento da organización e procedemento de actuación dos recursos e servizos a disposición da Xunta e permitir, no seu caso, a coordinación e actuación conxunta dos diversos Servizos e Administracións implicadas na loita contra o lume.

O Plan establece como **funcións básicas** as de preve-la estrutura organizativa e os procedementos para a prevención, detección, extinción e investigación de incendios forestais segundo as épocas de perigo; o establecemento destas épocas de perigo segundo as previsións xerais e dos parámetros que definen o risco; a redución ao mínimo posible as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos lumes forestais; así como o establecemento dos diferentes obxectivos e accións a desenvolver cada ano.

A efectos da defensa contra incendios forestais, cómpre salientar a existencia dunha planificación centralizada fronte á descentralización da execución. A zonificación do territorio pasa a ser de servizos provincias, distritos ambientais, demarcacións forestais e concellos. O **cadro 2.1.** reflicte a distribución dos 315 concellos galegos nos dezanove distritos ambientais e nas 63 demarcacións forestais.

O distrito ambiental é a unidade básica administrativa para as funcións de xestión, fomento forestal, defensa contra incendios, así como aspectos medioambientais no seu ámbito territorial. Entre estes distritos ambientais e as Subdireccións de Incendios e Montes atópanse os respectivos Servizos provinciais, que teñen como funcións as de planificación, seguimento e control, asignación de recursos e cumprimento dos obxectivos previstos. En situacións de carga de traballo

Cadro 2.1.a)**Defensa contra incendios forestais: zonificación territorial en distritos ambientais**

Provincia	Distrito ambiental	Demarcación	Concellos
A Coruña	I. Ferrol	Eume	Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez
		Ferrol	Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño
		Ortegal	Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira
	II. Bergantiños-Mariñas Coruñesas	Bergantiños	Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso
		Betanzos	Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Pademe, Vilasantar e Vilamaior
		A Coruña	Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Laracha, Oleiros e Sada
	III. Santiago - Meseta interior	Arzúa	Arzúa, Frades, Mesía, O Pino e Touro
		Melide	Boimorto, Melide, Santiso, Sobrado e Toques
		Ordes	Cercada, Oedes, Oroso, Tordoia, Trazo e Val de Dubra
		Santiago	Ames, Boqueixón, Brión, Santiago Compostela, Teo e Vedra
	IV. Barbanza	Barbanza	Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Ribeira
	V. Fisterra	Noia - A Barcala	A Baña, Negreira, Noia e Outes
		O Sar	Dodro, Lousame, Padrón, Rianxo e Rois
Lugo	VI. A Mariña lucense	Fisterra	Cee, Corcubión, Dumbria, Fisterra e Muxia
		Terra de Soneira	Camariñas, Vimianzo e Zas
		Xallas - Muros	Carnota, Mazaricos, Muros e Santa Comba
	VII. Fonsagrada - Os Ancares	M. Central	Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e O Valadouro
		M. Occidental	Cervo, Ourel, O Vicedo, Viveiro e Xove
		M. Oriental	Barreiros, A Pontenova, Ribadeo e Trabada
	VIII. Terra de Lemos	Os Ancares 1	Baralla, Becerreá, Navia de Suarna
		Os Ancares 2	Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro
		A Fonsagrada	Baleira, A Fonsagrada e Negueira de Muñiz
	IX Lugo - Sarria	Chantada	Carballedo, Chantada e Taboada
		Quiroga	Folgo de Courel, Quiroga e Ribas de Sil
		Monforte 1	Bóveda, Pantón e O Saviñao
	X. Terra Chá	Monforte 2	Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón e Sober
		Lugo 1	Friol, Lugo, Outeiro de Rei e rábade
		Lugo 2	Castroverde, O Corgo, Guntín, Lámara e O Páramo
		A Ulloa	Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei e Portomarín
		Sarria	O Incio, Paradela, Samos, Sarria e Triacastela
		Meira	Castro de Rei, Cospeito, Meira, A Pastoriza, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto
		Vilalba 1	Begonte, Guitiriz e Xermade
		Vilalba 2	Abadín, Muras e Vilalba

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

apreciable de extinción, os Distritos intégranse no operativo de extinción ás ordes directas dos devanditos servizos.

A **coordinación xeral** da loita contra incendios forestais corresponde ao Comité Galego de Defensa dos Montes contra incendios forestais, presidido polo Presidente da Xunta e polo Delegado do Goberno en Galicia. Neste Comité están representadas as tres Administracións (Central, Autonómica e Local), así como asociacións de propietarios.

Dependente do devandito Comité atópase o Comité de Coordinación Policial

Cadro 2.1.b)***Defensa contra incendios forestais: zonificación territorial en distritos ambientais***

Provincia	Distrito ambiental	Demarcación	Concellos
Ourense	XI. O Ribeiro - Arenteiro	O Carballiño	O Carballiño, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea
		O Carballiño 2 O Ribeiro	Beariz, Boborás e o Irixo Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia
	XII. Miño - Arnoia	Allariz - Maceda	Allariz, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambria, Xunqueira de Espadañedo, Maceda, Pademe de Allariz e Taboadela
		Ourense	Amoeiro, Barbadás, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, Ourense, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Toén e Vilamarín
		Terra de Celanova	A Bola, Cartelle, Celanova, Gomosende, A Merca, Padrenda, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá
	XIII. Valdeorras - Trives	Terra de Caldelas Terra de Trives	Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil e A Teixeira Chandrea de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río
		Valdeorras 1	O Barco de Valdeorras, O Bolo, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras
		Valdeorras 2	Carballeda de Valdeorras e A Veiga
	XIV. Verín - Viana	Verín 1	Castrelo do Val e Laza
		Verín 2	Cualedro, Monterrei, Oimbra, Verín e Vilardevós
		Viana 1	A Gudiña e A Mezquita
		Viana 2	Ríos, Viana do Bolo e Vilarinho de Conso
	XV. A Limia	A Limia 1	Xinzo de Limia, Sandiás, Sarreaus, Trasmirás, Vilar de Barrio e Vilar de Santos
		A Limia 2	Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira e Rairiz de Veiga
		Baixa Limia 1	Bande, Lobios e Muíños
		Baixa Limia 2	Entrimo e Lobeira
Pontevedra	XVI. Deza - Tabeirós	Deza 1	Dozón, Lalín e Rodeiro
		Deza 2 Tabeirós	Agolada, Silleda e Vila de Cruces Cerdedo, A Estrada e Forcarei
	XVII. O Condado - Paradanta	O Condado 1	Mondariz, Mondariz - Balneario, Ponteareas e O Covelo
		O Condado 2 A Paradanta	Arbo, As Neves e Salvaterra de Miño A Cañiza e Crecente
	XVIII. Vigo - Baixo Miño	Baixo Miño Vigo 1	A Garda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui Fornelos de Montes, Mos, Pazos de Borbén, Redondela e Soutomaior
		Vigo 2	Baiona, Gondomar, Nigrán, O Porriño, Salceda de Caselas e Vigo
	XIX. Caldas - O Salnés	Caldas - O Salnés	Barro, Caldas de Reis, Catoira, Cuntis, Pontecesures, Portas, Valga, A Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Poio, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa
		O Morrazo Pontevedra	Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Pontevedra e Vilaboa Campo Lameiro, Colobade, A Lama, Pontecaldelas e Moraña

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

Antiincendios, no que están representadas todas as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. O Comité estrutúrase nun Comité Operativo coordinado pola DX de Montes onde se estudian e establecen as propostas técnicas e policiais.

Xunto a estes comités están os Comités de Distrito de incendios, que coordinan e ordenan os diferentes usos nas zonas de aproveitamento forestal e gandeiro, e os Centros de Coordinación de Incendios a nivel autonómico, provincial e de distrito.

A dirección das accións de extinción de incendios compete ás diferentes xefaturas de distrito ambiental e están coordinadas polos servizos provinciais de incendios e Subdirección Xeral de

incendios para os ámbitos provincial e autonómico, respectivamente. As xefaturas de distrito ambiental coordinarán todos os medios presentes na súa zona, con independencia da súa pertenza do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais, de Protección Civil, Administración Local ou calquera outra, incluídos os apoios interprovinciais ou da dirección xeral de Conservación de la Naturaleza.

O Plan INFOGA de 2004 estrutúrase en catro grandes apartados nos que se analizan os obxectivos a acadar, o Plan de Prevención, o Plan de Extinción e un procedemento operativo.

• **Obxectivos**

O **obxectivo xeral** da defensa contra os incendios forestais é o de reducir ao mínimo posible as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos lumes forestais, dentro dos recursos dispoñibles.

Dada a dificultade de cuantificar estes obxectivos, establécense uns **obxectivos intermedios ou de control** que permitan estimar o grado de cumprimento do devandito obxectivo xeral. Estes obxectivos de control son:

- Superficie queimada por lume inferior a 3 hectáreas
 - A superficie arborada queimada por lume por debaixo de unha hectárea
 - A porcentaxe de lumes que afectan a menos dunha hectárea sexa superior ao 70% dos lumes, e os que afectan a máis de 25 hectáreas non superen o 2% dos lumes.
 - O número de incendios forestais se manteña por baixo da media dos últimos cinco anos.
- Considérase incendio forestal cando a superficie arborada queimada sexa maior de 0,5 hectáreas ou, se é inferior, cando a suma coa rasa sexa superior a unha hectárea.

Como se aprecia nas estatísticas de incendios presentadas no capítulo **III.- Incendios forestais. Análise da súa evolución e das súas causas** deste informe, nos últimos dez anos a superficie media por lume mantense por baixo das 3 hectáreas por incendio en todos os anos agás en 1998 e 2000, cando acada unha media de 3,7 hectáreas. No caso da superficie arborada queimada por lume, esta ratio mantense por baixo de 1,0 hectáreas dende o ano 1991. No concernente ó tamaño dos lumes, dende 1992 a porcentaxe de incendios de 0 a 1 hectáreas é superior ó 70% (acada valores superiores ó 80% nos anos 1993 e 1999).

Asemade, o Plan establece uns **obxectivos complementarios** e outros particulares, que tampouco poden ser medidos. Entre os primeiros están o de previr accidentes coidando a seguridade do persoal, manter a moral de todo o persoal implicado, manter e actualizar a formación do persoal, fomentar a colaboración dos veciños, entidades locais e comunidades veciñais, continuar coa labor de investigación nas vertentes policial, forestal e sociolóxica, e a de divulgar a importancia da xestión sostible dos montes a a loita contra lumes forestais como instrumento esencial para manter a mesma. Entre os **obxectivos particulares** cómpre salientar os da ordeación dos usos, a regularización de aproveitamentos de pastoreo, manter e intensificar a coor-

dinación entre administracións ou a se seguir intensificando a investigación forestal de causas de incendios.

• **Plan de prevención**

O seu **obxectivo xeral** é aplicar accións que eviten que o lume se produza e, en caso de producirse, minorar os danos causados. As accións preventivas artículanse en torno a accións dirixidas á poboación, accións dirixidas ao territorio, medidas relacionadas coa formación do persoal e, finalmente, accións de investigación.

As **accións dirixidas á poboación** levaranse a cabo a través da regulación do uso de queimas autorizadas, para o que se reforza a xestión de inspección do control das mesmas, a través de accións sociolóxicas e de educación ambiental, coas que se trata de transmitir a mensaxe de sensibilización cara ao problema que ten o uso indiscriminado do lume e o seu dano ecolóxico, e finalmente, a través do seguimento da predicción meteorolóxica.

No concernente ás **accións dirixidas ao territorio**, estas se agrupan en catro grandes plans. Coa aplicación do Plan de control selectivo de combustible se pretende realizar traballos para romper a continuidade vertical e horizontal do combustible. A segunda acción prevista é o establecemento do Plan de creación e mellora de pastizais e de hábitats de especies cinexéticas e outra fauna silvestre, co que será posible limitar o desenvolvemento da matogueira mediante gando, poñendo en produción amplas zonas de montaña, ao tempo que se controla de xeito natural a carga de combustible. En terceiro lugar pódese salientar o Plan de creación e mellora de infraestrutura preventiva e defensiva, que posibilitaría capitalizar o monte, facilitando a súa activación económica e o uso social do terreo. Finalmente, o Plan de vixilancia preventiva e disuasoria, que facilitar a definición de estratexias e accións selectivas coa finalidade de reducir o número de incendios e facilitar a análise das causas.

O **cadro 2.2.** reflicte as principais accións preventivas dirixidas á poboación e ao territorio ao longo do período 1997-2004. O **cadro 2.3.** amosa o cadro resumo das accións recollidas no Plan Preventivo 2004 e a súa distribución provincial.

Un terceiro aspecto a destacar do Plan Preventivo é o que fai referencia á **formación do persoal**, co obxectivo de adquirir os coñecementos teóricos e prácticos, e desenvolvelos segundo as categorías profesionais. Para acadalo, prográmanse cursos de formación básica e específica, aos programas de formación de seguridade, dirixido a todo o persoal dos distritos ambientais, aos programas de formación de especialidades elementais, e aos adestramentos específicos dirixidos ás diferentes persoas que traballan nas accións preventivas.

O **cadro 2.4.** reflicte as distintas accións de formación impartidas a persoal propio e doutras Administracións no período 1997-2004, así como o número total de asistentes cada ano. Nos oito anos considerados asistiron, como media, un total de 603 persoas.

Cadro 2.2.**Accións preventivas 1997-2004**

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Accións dirixidas á poboación								
Regulación do emprego de queimas autorizadas.	285.344	280.404	285.271	280.050	321.042	267.002	308.269	309.759
Permisos e autorizacións								
Accións sociolóxicas e de educación ambiental								
Accións dirixidas ó territorio								
Plan de Control Selectivo do Combustible								
Desbroces <i>(en has)</i>	8.946,2	11.505,7	6.754,3	5.390,0	8.421,0	9.616,0	11.877,0	10.914,0
Faixas auxiliares <i>(en has)</i>	-	841,2	10.147,0	4.514,0	2.572,0	3.866,0	4.449,0	6.602,9
Plan de Creación e Mellora de Infraestruturas								
Devasas <i>(has)</i>	251,9	966,2	1.752,9	878,5	2.506,0	1.567,0	1.647,0	1.843,7
Puntos de auga <i>(uds)</i>	540	552	475	437	650	890	856	974
Pistas <i>(km)</i>	977,5	1.075,4	1.457,7	1.386,4	2.314,0	1.892,0	2.785,0	3.225,1
Puntos de vixilancia <i>(uds)</i>	8	23	-	5	23	13	52	76
Bases medios aéreos <i>(uds)</i>	8	7	3	3	15	19	22	20
Plan de Creación e Mellora de Hábitats <i>(has)</i>					575,0	342,0	396,0	553,4
Plan de Creación e Mellora de Pastizais <i>(has)</i>					323,0	275,0	322,0	264,3

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Subdirección Xeral de Defensa contra Incendios Forestais

Cadro 2.3.**Plan Preventivo 2004: resumo**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Control selectivo do combustible <i>(en Ha.)</i>	3.779,9	3.318,5	7.635,2	2.081,0	16.814,6
Creación e mellora de pastizais e hábitats <i>(en Ha.)</i>	-	269,0	20,0	-	289,0
Creación e mellora de devasas <i>(en Ha.)</i>	125,6	598,8	834,8	206,0	1.765,2
Creación e mellora de pistas de penetración <i>(en Km.)</i>	363,3	523,2	1.202,7	500,5	2.589,8
Creación e mellora de puntos de auga <i>(ud.)</i>	276	52	253	401	982
Creación e mellora de bases aéreas <i>(ud.)</i>	3	3	2	6	14
Creación e mellora de puntos de vixilancia <i>(ud.)</i>	-	-	-	14	14
Creación e mellora de sedes de distrito <i>(ud.)</i>	-	-	-	1	1

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

Cadro 2.4.**Accións de formación impartida a persoal propio e doutras administracións 1997 - 2004**

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Técnicas de extinción	1	-	2	1	-	-	-	3
Investigación de causas	5	5	5	6	2	2	6	2
Cuadrillas helicópteros	13	13	13	13	13	13	10	13
Ofimática	-	11	5	-	-	-	-	-
Manexo de tractores	-	-	-	-	3	2	-	-
Cursos de distintas escalas	-	-	-	-	7	104	-	-
Nº de asistentes	418	534	653	458	476	1.720	211	353

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Subdirección Xeral de Defensa contra Incendios Forestais

O cuarto e último grupo de accións do Plan Preventivo é o que fai referencia á **accións de investigación**, tanto na súa vertente socioeconómica, como forestal e policial. Estas que se levan a cabo a través da análise sobre as épocas de perigo, o establecemento das zonas de especial vixilancia para a primavera e verán, e a cobertura e estudo de causalidade nas zonas no verán. Nesta investigación das causas dos lumes manterase estreita colaboración coas policía Nacional, Autonómica e Local e coa Garda Civil.

O Comité de Coordinación Policial antiincendios será quen establece os niveis de coordinación e transmisión de información e quen desenvolverá os Plans de vixilancia policial con medios aéreos. Dependentes deste Comité de Coordinación, os Comités provinciais elaborarán e desenvolverán os plans operativos das súas provincias e levarán a cabo o seguimento da coordinación operativa.

Cada distrito ambiental conta, ao menos, cun Grupo Permanente de investigación de causalidade, que manterá contacto co grupo Permanente de Investigación da Policía Autonómica e cos Grupos de Investigación da Garda Civil.

Entre as accións de investigación e desenvolvemento (I+D) relacionadas cos servizos de loita contra incendios forestais, cómpre salientar que en 2003 Galicia participou nun proxecto da Axencia Europea do Espacio (ESA), dentro do Programa Marco de I+D da Unión Europea, para a localización e extinción dos incendios existentes en Galicia ao paso do satélite. No ano 2004, participou no proxecto integrado EURO RISK / PREVIEW na actividade de loita contra incendios, dentro da área GMES do 6º Programa de Aeronáutica e Espacio da Comisión Europea, marco axeiado para a introducción da observación espacial da terra como ferramenta operacional dos Servizos de Defensa Contra os Incendios Forestais.

Finalmente, destacar que en 2005 preténdese participar no proxecto HARMLESS, en resposta á convocatoria emitida pola entidade Galileo IV para a posta en marcha de Galileo, dentro da área 1-A “xestión de emerxencias”.

• **Plan de extinción de incendios**

Os **obxectivos** deste Plan son a redución das superficies queimadas polo lume, a defensa das masas arboradas, a defensa dos espazos protexidos e o de evitar reproducións.

Tal como inica o Plan Infoga 2004, os **medios e recursos** cos que se conta son os pertencentes ao cadro de persoal dos Servizos Provinciais de Defensa contra incendios forestais, Distritos ambientais e os que se mobilicen, correspondentes ás entidades locais, ou se contraten en función das diferentes épocas de perigo, así como os que poidan ser aportados por protección Civil e empresas. Así mesmo, considéranse adscritos a este Plan os medios que a DG de Conservación de la Naturaleza pon a disposición da Administración autonómica.

Cadro 2.5.**Medios aéreos da Consellería de Medio Ambiente na época de perigo medio**

	Tipo medio aéreo	Nº de prazas	Capacidade de auga (en litros)
A Coruña			
Aeroporto de Santiago	Helicóptero vixil.e coord.	5	-
Lomba	Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Lugo			
Marroxo	Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Ourense			
Vilamaior	Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Xures	Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Beariz	3 avións lixeiros	--	3 X 2.200
Pontevedra			
Campiño	Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Queimadelos	Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

Cadro 2.6.**Medios aéreos da Consellería de Medio Ambiente na época de perigo alto**

	Tipo medio aéreo	Nº de prazas	Capacidade de auga (en litros)
A Coruña			
Aeroporto de Santiago	1 Helicóptero vixilancia	4	--
	1 Helicóptero vixil.e coord.	4	--
Abegondo (Castromaior)	1 Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Santa Comba (Lomba)	2 Helicóptero con helibalde	12	2 X 1.200 - 1.500
Lugo			
Monforte (Marroxo)	1 Helicóptero con helibalde	12	1.500
Portomarín (1)	1 Helicóptero con helibalde	5	900
Rozas	2 avións lixeiros	--	2 X 2.200
Sober (Cadaval)	3 avións lixeiros	--	3 X 2.200
Becerreá	1 Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Ourense			
O Barco	1 Helicóptero con helibalde	12	1.500
San Xoán de Río	1 Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Muiños (Xures)	1 Helicóptero con helibalde	12	1.500
Toén	1 Helicóptero con helibalde	5	900
	1 Helicóptero vixilancia	4	--
Verín (Vilamaior)	1 Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Beariz	3 avións lixeiros	--	3 X 2.200
Pontevedra			
Pontevedra (Campiño)	1 Helicóptero con helibalde	12	1.500
Mondariz (Queimadelos)	1 Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500
Silleda	1 Helicóptero con helibalde	12	1.200 - 1.500

(1) base de nova creación, estimase operativa a partir de xullo

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

Cadro 2.7.**Medios humanos do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais**

	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.
Xefes Distrito	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19
Técnicos	59	59	59	59	59	59	82	82	82	59	59	59
Axentes territoriais	59	59	59	59	59	59	59	59	59	59	59	59
Axentes de zona	125	125	125	125	125	125	125	125	125	125	125	125
Axentes	204	204	204	204	204	204	204	204	204	204	204	204
Cuadrillas (5+1+1)												
Nº de cuadrillas	82	82	138	138	138	138	148	148	148	82	82	82
-Helicópteros	-	-	-	-	-	-	14	14	14	-	-	-
- Total	82	82	138	138	138	138	162	162	162	82	82	82
Patrullas de vix. mobil	-	-	-	-	-	-	18	18	18	-	-	-
BIF	-	-	-	-	-	-	19	19	19	-	-	-
CAR	-	-	5	5	5	-	5	5	5	-	-	-
Condutores V.M.B.	82	82	167	167	167	167	391	391	391	82	82	82
Conductor Mecánico	11	11	11	11	11	11	11	11	11	11	11	11
Emisoras	54	54	105	105	105	105	176	176	176	54	54	54
Operadores Codific.	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57
Vixilantes postos fixos	60	60	100	100	100	292	292	292	292	60	60	60

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

Cadro 2.8.**Medios humanos de Entidades Locais, conveniadas e subvencionadas**

	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.
Cuadrillas entidades locais	-	-	-	-	-	-	311	311	311	-	-	-
Cuadrillas subvencionadas	-	-	-	-	-	-	38	38	38	-	-	-
GRUMIR	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49
GLPA,s	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Total	60	60	60	60	60	60	407	407	407	60	60	60

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

Cadro 2.9.**Medios materiais do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais**

	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.
Vehículos motobomba	82	82	82	82	82	82	130	130	130	82	82	82
Nº helicópteros extinción	-	-	4	4	6	6	14	14	14	-	-	-
Nº Hel.vixilan.e coordinación	1	1	1	1	1	1	3	3	3	1	1	1
Avións lixeiros de Carga e T.	-	-	3	3	-	-	8	8	8	-	-	-

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

Cadro 2.10.**Medios materiais dos Concellos, Mancomunidades e Comunidades de montes**

	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.
Vehículos motobomba												
- Conveniados	-	-	-	-	-	-	108	108	108	-	-	-
- GRUMIR	-	-	-	-	-	-	49	49	49	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	-	157	157	157	-	-	-

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan Infoga 2004

Os medios cos que conta son a Rede de vixilancia e observación, constituída pola Rede de postos fixos (102 postos de vixilancia), que se complementa con patrullas móbiles e recoñecementos aéreos, a rede de transmisións –“pedra angular” do sistema e da que colga todo o dispositivo–, cuxa finalidade é a de asegurar o enlace entre os distintos chanzos do servizo de defensa contra incendios forestais, os medios aéreos e as cuadrillas terrestres e de helicópteros, vehículos moto-bomba e maquinaria pesada.

Os **cadros 2.5. a 2.10.** reflicten os diferentes medios aéreos, humanos e materiais, a disposición do servizo de Defensa Contra os Incendios Forestais e dos Concellos, Mancomunidades e Comunidades de Montes, para as labores de extinción.

Dado que a frecuencia de iniciación e actividades dos lumes son diferentes ao longo do día, establécense unhas quendas determinadas, de tal xeito que o esforzo de extinción sexa acorde coa carga de traballo. Os datos da Consellería amosan un incremento da proporción de lumes iniciados ao anoitecer, tendo esta proporción máis incidencia a partir das oito da tarde no primeiro e no derradeiro trimestre do ano. A pesar desta medra, as maiores porcentaxes de superficies queimadas e os peores rendementos séguense dando nas primeiras horas da tarde.

Plan de Actuacións de Prevención e Loita contra Incendios Forestais

O Consello de Ministros de 10 de xuño de 2005, co obxectivo de dar resposta integral e duradeira ao problema dos lumes forestais, ven de aprobar este Plan de actuacións que será coordinado polo Ministerio da Presidencia. Tendo en conta que o problema dos incendios forestais é un problema de interese xeral, o Plan prevé a posta en marcha dunha serie de medidas a desenvolver dende trece ministerios: Presidencia, Economía y Hacienda; Medio Ambiente; Interior; Justicia; Agricultura, Pesca y Alimentación; Industria, Turismo y Comercio; Fomento; Educación y Ciencia; Asuntos Exteriores y Cooperación; Trabajo y Asuntos Sociales; Defensa e o de Administraciones Públicas. Estes ministerios deberán concretar nun prazo máximo de seis meses os seus plans específicos de actuación.

Entre as principais medidas recollidas cómpre salientar:

- A elaboración, por parte do Ministerio de Medio Ambiente, en coordinación coas CC.AA., dun Plan de apoio aos medios de extinción mediante o establecemento de puntos de auga (fixos ou depósitos portátiles) así como dun Plan de Acción no organismo autónomo Parque de Maquinaria que permita mellorar a realización de cortallumes e outras accións.
- O Ministerio de Economía y Hacienda garantirá a flexibilidade necesaria nos procedementos de tramitación de expedientes de contratación dos medios para a loita contra incendios e terá en conta o valor social e económico dos espazos forestais, en particular o papel dos bosques como sumidoiros de CO₂, no sistema fiscal.
- O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en colaboración co Ministerio de Medio Ambiente, e as CC.AA. elaborará e porá en marcha a Estratexia para o desenvolvemento do uso

enerxético da biomasa residual, incluíndo en Plan de Fomento de Enerxías Renovables os beneficios e/ou compensacións que resultarán polo uso da biomasa residual.

- O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través de ENESA, ampliará as liñas de seguros agrarios para cubrir danos de incendios forestais. A través do FEGA, coordinará a aplicación polas CC.AA. de medidas que reduzan o risco de provocar incendios forestais de determinadas prácticas agrarias.

- O Ministerio de Educación y Ciencia incluírá nos fines e principios do sistema educativo a formación no respecto aos valores ambientais, e fomentará, nos programas de I+D+I, as liñas de investigación que permitan mellorar a prevención e a loita contra incendios.

- O Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, a través do Servicio Público de Empleo, e en colaboración coas CC.AA., impulsará a orientación cara as actividades relacionadas coa prevención de incendios. De xeito específico, consideraranse os programas de formación en prevención de riscos laborais. ■